



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE E UN DE OUTUBRO DE 2019

EXPEDIENTE: 2019/G010/000010

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

José María Caamaño Nogueira

Luis Constante Freire Pérez de Juan

Silvia Taboada Carro

Fátima Insua López

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

Escusan a súa ausencia:

Roberto Gómez Lesta

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora:

Gema Vázquez López

En Abegondo, ás trece horas e trinta e dous minutos do día vinte e un de outubro de 2019, previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión extraordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente debería consultar aos concelleiros se desexan facer algunha observación ás actas de data 19.08.2019 e 03.10.2019 respectivamente que estaban pendentes de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria, a Corporación Municipal por unanimidade dos seus membros presentes aproban as actas.

2. MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN DE HORAS DO CONTRATO DE SERVIZO ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta correspondente e ditaminada favorablemente na comisión informativa de asuntos en xeral que dí:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN DAS HORAS DO CONTRATO DE SERVIZO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS

EXPEDIENTE: 2019/G006/000123

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Pleno do Concello de Abegondo na sesión ordinaria do 13 de xullo de 2016 aprobou o procedemento de adxudicación do expediente de contratación para a prestación, planificación, execución, control e avaliación das escolas deportivas e culturais do Concello de Abegondo (expediente 2016/C004/000002).

SEGUNDO. O Pleno do Concello de Abegondo na sesión ordinaria do 22 de decembro de 2016 aprobou a adxudicación do contrato de servizos para a prestación, planificación, execución, control e avaliación das escolas deportivas e culturais do Concello de Abegondo á empresa Serviplustotal, SL con CIF B70019294. O contrato administrativo do servizo foi asinado polo Concello de Abegondo e a empresa o 29 de decembro de 2016.

TERCEIRO. Consta no prego de prescricións técnicas do dito contrato o número de horas máximas anuais, que se distribúen do seguinte xeito.

Horas actividades deportivas: 13.322 horas

Horas actividades culturais: 16.953 horas

Horas totais anuais: 30.275 horas



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

CUARTO. Consta un informe da técnica de Deportes e da técnica de Cultura no que se expón que é necesario modificar a distribución das horas do contrato de actividades deportivas e culturais, de xeito que se aumenten as horas que se lles imputan a actividades deportivas e se minoren as imputadas a actividades deportivas, sen que isto supoña un incremento nas horas totais anuais do contrato.

QUINTO. Mediante providencia da alcaldía dispúxose que se iniciase o expediente do acordo de modificación da distribución das horas do contrato de servizo para a prestación, planificación, execución, control e avaliación das escolas deportivas e culturais do Concello de Abegondo (expediente 2016/C004/000002).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25.2.j) e c) e art. 26)
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- A Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa
- O Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais
- A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- O texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.
- Directiva 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos.
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE

A Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía sustentable

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Réxime xurídico dos modificados aplicable aos contratos adxudicados conforme ao Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS P).

O contrato obxecto de análise celebrouse o 22 de decembro de 2016, data na que estaba vixente o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS P), sendo de aplicación as previsións da devandita norma legal, dado que, segundo a disposición transitoria primeira, punto 2 da Lei de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro (Lei 9/2017) "**Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior**", aínda que, en virtude do principio de primacía, debe ser interpretada á luz das Directivas comunitarias.

Como cuestión previa, indicar que o contrato de referencia cualificouse, de conformidade coas previsións do TRLCS P, como un contrato de xestión de servizos públicos en réxime de concesión administrativa. Esta cualificación non sería acorde co marco legal vixente, xa que este tipo de prestacións enmárcanse dentro dun contrato administrativo de servizos, ao amparo da amplitude dos termos da definición do contrato de servizos que establece o artigo 10 TRLCS P.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

O Informe 23/2011, de 12 de setembro da Xunta consultiva de contratación administrativa da comunidade autónoma de Aragón relativo ás “Cuestións derivadas do novo réxime de modificación dos contratos públicos introducido pola Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sustentable”, concluíu que de acordo coa Disposición Transitoria Sétima da mesma, a normativa aplicable debe ser a vixente cando se celebrou o contrato, pero iso “non impide que dita normativa poida e deba ser interpretada necesariamente en coherencia coa Directiva 2004/18/CE en relación ao principio de igualdade de trato recolleito no artigo 31.4 da mesma e tal e como interpretou o TXCE en Sentenza de 29 de abril de 2004 (Succhi di frutta)”.

Así mesmo, para un contrato que se celebrou estando vixente a regulación dos modificados con anterioridade á reforma efectuada pola Lei de economía sostible, o informe 27/2011, indicaba: “En todo caso, como xa se puxese de relevo no noso Informe 3/2009, de 15 de abril, e reiterácese no 23/2011 citado, convén advertir que a regulación da potestade de ius variandi debe realizarse necesariamente á luz dos principios e regras do dereito comunitario, tal e como foron interpretadas polo TXUE (e as que obedece a reforma da Lei de economía sostible, que entraba en vigor o 6 de marzo de 2011), e que conducen a unha interpretación restritiva desta práctica. De ningún xeito pode obviarse tampouco que o réxime actualmente vixente sobre os modificados é máis restritivo por esixencias do dereito comunitario, e que esta nova regulación debe servir de parámetro interpretativo, en todo caso”.

Por tanto, a normativa aplicable aos modificados dos contratos debe de ser a vixente no momento de celebración do contrato, no suposto que nos ocupa o TRLCSP, pero interpretada en coherencia coas Directivas e a xurisprudencia comunitaria, e sen esquecer que o novo réxime incorporado pola Lei de economía sustentable, aínda que non directamente aplicable, debe servir tamén como referencia.

SEGUNDA. Condicións contractuais que teñen carácter esencial a efectos do réxime de modificados.

O réxime xurídico da modificación dos contratos non estaba regulado na Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, nin tampouco nas anteriores Directivas 92/50/CEE, de 18 de xuño de 1992; 92/36/CEE, de 14 de xuño de 1993; e 93/37/CEE de 14 de xuño de 1993, dado que estas coordinaban os procedementos de adxudicación dos contratos do sector público, mentres que a modificación dos contratos prodúcese nunha fase posterior de execución dos mesmos. Por iso, no Dereito da Unión Europea, o réxime xurídico era o resultado da construción que realizou o Tribunal de Xustiza da Unión Europea con fundamento nos denominados principios estruturais do Tratado (**libre circulación de mercadorías, liberdade de establecemento e libre prestación de servizos e os derivados destas liberdades, igualdade de trato, non discriminación, recoñecemento mutuo, proporcionalidade e transparencia**).

En todo caso estes principios deben observarse en todas as fases da contratación e inspirarán todos os actos que se diten tanto no procedemento de adxudicación como na execución.

Entre os pronunciamentos xudiciais que configuraron o réxime xurídico das modificacións contractuais cabe citar a Sentenza TXUE Succhi dii Frutta de 29 de abril de 2004 As C-496/99, a cal sinala que: “En efecto, se a entidade adxudicadora desexa que, por determinadas razóns, poidan modificarse certas condicións da licitación tras seleccionar ao adxudicatario, está obrigada a prever expresamente esta posibilidade de adaptación, así como as súas modalidades de aplicación, no anuncio de licitación elaborado por ela e que establece o marco no que debe desenvolverse o procedemento, de forma que todas as empresas interesadas en participar na licitación teñan coñecemento diso desde o principio e áchense así en condicións de igualdade no momento de formular a súa oferta.

Por outra banda, no caso de que non se prevese expresamente tal posibilidade, pero a entidade adxudicadora pretenda desvincularse dunha das modalidades esenciais estipuladas durante a fase posterior á adxudicación do contrato, non pode continuar válidamente o procedemento aplicando condicións distintas ás estipuladas inicialmente.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

En efecto, se a entidade adxudicadora estivese autorizada para modificar ao seu arbitrio, durante a fase de execución do contrato, as propias condicións de licitación, sen que as disposicións pertinentes aplicables conteñan unha habilitación expresa en tal sentido, os termos da adxudicación do contrato, tal como se estipularon inicialmente, resultarían desnaturalizados.

Ademais, dita práctica suporía inevitablemente a vulneración dos principios de transparencia e de igualdade de trato entre os licitadores, posto que a aplicación uniforme das condicións de licitación e a obxectividade do procedemento deixarían de estar garantidas”.

No caso de que non se prevese a posibilidade de modificación do contrato na documentación da licitación, e aínda así se pretenda modificar o contrato, resulta imprescindible que ista non afecte a ningunha condición esencial do contrato, de maneira que de non ser así, o procedente é resolver o contrato e convocar para iso o correspondente procedemento de licitación. Así o sinalou, entre outras, a Sentenza de 19 de xuño de 2008, Asunto C- 4/06 presstext Nachrichtenagentur GmbH contra Republik Österreich (Bund) e outros: “Con obxecto de garantir a transparencia dos procedementos e a igualdade dos licitadores, as modificacións das disposicións dun contrato público efectuadas durante a validez deste constitúen unha nova adxudicación no sentido da Directiva 92/50 cando presentan características substancialmente diferentes das do contrato inicial e, por conseguinte, pon de relevo a vontade das partes de volver negociar os aspectos esenciais do contrato.”

A modificación dun contrato en vigor pode considerarse substancial cando introduce condicións que, se figurasen no procedemento de adxudicación inicial, permitirían a participación doutros licitadores á parte dos inicialmente admitidos ou permitirían seleccionar unha oferta distinta da inicialmente seleccionada.

Así mesmo, a modificación dun contrato inicial pode considerarse substancial cando amplía o contrato, en gran medida, a servizos inicialmente non previstos. Esta última interpretación queda confirmada no artigo 11, apartado 3, letras e) e f), da Directiva 92/50, que impón, para os contratos públicos de servizos que teñan por obxecto, exclusiva ou maioritariamente, servizos que figuran no anexo I A de esta Directiva, restricións en canto á medida en que as entidades adxudicadoras poden recorrer ao procedemento negociado para adxudicar servizos complementarios que non figuren nun contrato inicial.

Unha modificación tamén pode considerarse substancial cando cambia o equilibrio económico do contrato a favor do adxudicatario do contrato dunha maneira que non estaba prevista nos termos do contrato inicial.

Por tanto, para que a modificación pretendida polo órgano de contratación aténhase á legalidade comunitaria é precisa a conxunción dunha serie de requisitos, como son a **imprevisibilidade**, as razóns de **interese público**, e que se cumprise algunha das dúas condicións seguintes:

1. Que a posibilidade de achegar unha modificación, así como as súas modalidades, estean previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación.
2. Ou, en caso contrario, que a modificación non afecte a ningunha condición esencial/substancial da licitación.

A día de hoxe a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo de do Consello, de de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE sí que recolle unha regulación sobre a modificación dos contratos. Así, nos seus considerandos iniciais xa se regula o relativo á modificación dos contratos:

*“(107) É preciso aclarar as condicións nas que a modificación dun contrato durante a súa execución esixe un novo procedemento de contratación, tendo en conta a correspondente xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. **É obrigatorio un novo procedemento de contratación cando se introducen no contrato inicial***



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

cambios fundamentais, en particular referidos ao ámbito de aplicación e ao contido dos dereitos e obrigacións mutuos das partes, incluída a distribución dos dereitos de propiedade intelectual e industrial. Tales cambios demostran a intención das partes de renegociar condicións esenciais do devandito contrato. En concreto, así sucede se as condicións modificadas influirían no resultado do procedemento, no caso de que formasen parte do procedemento inicial.

En todo momento debe ser posible introducir modificacións no contrato que representen un cambio menor do seu valor ata un determinado valor sen que sexa necesario seguir un novo procedemento de contratación. Para iso, co fin de garantir a seguridade xurídica, a presente Directiva debe dispor limiares de minimis, por baixo dos cales non sexa necesario un novo procedemento de contratación. As modificacións do contrato por riba dos devanditos limiares deberían ser posibles sen a necesidade de seguir un novo procedemento de contratación, na medida en que cumpran as correspondentes condicións establecidas na presente Directiva.

(109) Os poderes adjudicadores poden atoparse con circunstancias alleas que non podían prever cando adjudicaron a concesión, en particular se a execución do contrato esténdese durante un longo período de tempo. Neste caso, fai falta certo grao de flexibilidade para adaptar o contrato a esas circunstancias sen necesidade dun novo procedemento de contratación. O concepto de circunstancias imprevisibles fai referencia a aquelas circunstancias que non poderían preverse aínda que o poder adjudicador preparase con razoable dilixencia a adjudicación inicial, tendo en conta os medios á súa disposición, a natureza e as características do proxecto concreto, as boas prácticas no ámbito de que se trate e a necesidade de garantir unha relación adecuada entre os recursos empregados na preparación da adjudicación e o seu valor previsible. Con todo, non pode aplicarse nos casos en que unha modificación ten como resultado unha alteración da natureza da contratación global, por exemplo se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica de maneira fundamental o tipo de contratación, xa que, nunha situación así, cabe supor unha hipotética influencia no resultado.”

No Artigo 72 a Directiva regula a modificación dos contratos durante a súa vixencia:

“1. Os contratos e os acordos marco poderán modificarse sen necesidade de iniciar un novo procedemento de contratación de conformidade coa presente Directiva en calquera dos casos seguintes:

a) cando as modificacións, con independencia do seu valor pecuniario, estivesen xa previstas nos pregos iniciais da contratación, en cláusulas de revisión claras, precisas e inequívocas, entre as que pode haber cláusulas de revisión de prezos ou opcións. Ditas cláusulas determinarán o alcance e a natureza das posibles modificacións ou opcións, así como as condicións en que poden utilizarse. Non establecerán modificacións ou opcións que poidan alterar a natureza global do contrato ou do acordo marco;

b) para obras, servizos ou subministracións adicionais, a cargo do contratista orixinal, que resulten necesarias e que non estivesen incluídas na contratación orixinal, a condición de que cambiar de contratista:

- i) non sexa factible por razóns económicas ou técnicas tales como requisitos de intercambiabilidade ou interoperatividade co equipo existente, con servizos ou con instalacións adquiridos no marco do procedemento de contratación inicial, e
- ii) xere inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o poder adjudicador.

Non obstante, o incremento do prezo resultante da modificación do contrato non excederá do 50 % do valor do contrato inicial. No caso de que se introduzan varias modificacións sucesivas, dita limitación aplicarase ao valor de cada unha das modificacións. Estas modificacións consecutivas non deberán ter por obxecto eludir as disposicións da presente Directiva;

c) cando se cumpran todas as condicións seguintes:

- i) que a necesidade da modificación derívese de circunstancias que un poder adjudicador dilixente non puidese prever,
- ii) que a modificación non altere a natureza global do contrato,





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

iii) que o incremento do prezo resultante da modificación do contrato non exceda do 50 % do valor do contrato ou acordo marco inicial. No caso de que se introduzan varias modificacións sucesivas, esta limitación aplicarase ao valor de cada unha das modificacións. Estas modificacións consecutivas non deberán ter por obxecto eludir as disposicións da presente Directiva;

d) cando un novo contratista substitúa ao designado nun principio como adxudicatario polo poder adxudicador como consecuencia de:

i) unha opción ou cláusula de revisión inequívoca de conformidade coa letra a),

ii) a sucesión total ou parcial do contratista inicial, por mor dunha reestruturación empresarial, en particular por absorción, fusión, adquisición ou insolvencia, por outro operador económico que cumpra os criterios de selección cualitativa establecidos inicialmente, sempre que iso non implique outras modificacións substanciais do contrato nin teña por obxecto eludir a aplicación da presente Directiva, ou ben

iii) a asunción polo propio poder adxudicador das obrigacións do contratista principal para cos seus subcontratistas, sempre que esta posibilidade estea prevista na lexislación nacional con arranxo ao artigo 71;

e) cando as modificacións, con independencia do seu valor, non sexan substanciais para os efectos do apartado 4.

Os poderes adxudicadores que modificasen un contrato nos casos previstos nas letras b) e c) do presente apartado publicarán un anuncio respecto diso no Diario Oficial da Unión Europea. Este anuncio conterá a información establecida no anexo V, parte G, e publicarase de conformidade co artigo 51.

2. Por outra banda, **tamén se poderá modificar un contrato sen necesidade de comprobar se se cumpren ou non as condicións enunciadas no apartado 4, letras a) a d), e sen que sexa preciso iniciar un novo procedemento de contratación de conformidade coa presente Directiva se o valor da modificación é inferior aos dous valores seguintes:**

i) os limiares indicados no artigo 4, e

ii) o 10 % do valor inicial do contrato no caso dos contratos de servizos ou de subministracións, e o 15 % do valor do contrato inicial no caso dos contratos de obras.

Con todo, **a modificación non poderá alterar a natureza global do contrato ou acordo marco.** Cando se efectúen varias modificacións sucesivas, o valor calcularase sobre a base do valor neto acumulado das sucesivas modificacións.

3. A efectos do cálculo do prezo mencionado no apartado 1, letras b) e c), e no apartado 2, o prezo actualizado será o valor de referencia se o contrato inclúe unha cláusula de indexación.

4. **Unha modificación dun contrato ou acordo marco durante o seu período de vixencia considerarase substancial a efectos do apartado 1, letra e), cando teña como resultado un contrato ou acordo marco de natureza materialmente diferente á do celebrado nun principio.** En calquera caso, sen prexuízo do disposto nos apartados 1 e 2, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

a) que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación;

b) que a modificación altere o equilibrio económico do contrato ou do acordo marco en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato ou acordo marco inicial;

c) que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato ou do acordo marco;

d) que o contratista inicialmente designado como adxudicatario polo poder adxudicador sexa substituído por un novo contratista en circunstancias distintas das previstas no apartado 1, letra d).

5. Será preceptivo iniciar un novo procedemento de contratación de conformidade coa presente Directiva para introducir nas disposicións dun contrato público ou un acordo marco, durante o seu período de vixencia, modificacións distintas das previstas nos apartados 1 e 2.





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Por outra banda, tamén cabe analizar o artigo 73, que regula a rescisión de contratos:

“Os Estados membros velarán por que os poderes adjudicadores teñan a posibilidade de rescindir un contrato público durante o seu período de vixencia, polo menos nas circunstancias que se indican a continuación e con arranxo ás condicións determinadas polo Dereito nacional aplicable, cando:

- a) o contrato fose obxecto dunha modificación substancial, que esixiría un novo procedemento de contratación con arranxo ao artigo 72;
- b) o contratista estivese, no momento da adjudicación do contrato, nunha das situacións a que se refire o artigo 57, apartado 1, e por tanto debese ser excluído do procedemento de contratación;
- c) o contrato non se deba adjudicar ao contratista en vista da existencia dun incumprimento grave das obrigacións establecidas nos Tratados e na presente Directiva, declarado polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea nun procedemento con arranxo ao artigo 258 do TFUE

TERCEIRA. A regulación da modificación dos contratos no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

O artigo 101.1 indica que unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só **poderá introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.**

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 54.

O artigo 163, en relación cos contratos de xestión de servizos públicos indica que a Administración poderá modificar, por razóns de interese público, as características do servizo contratado e as tarifas que han de ser abonadas polos usuarios.

Recolle o artigo 163.2 que cando as modificacións afecten o réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao contratista de maneira que se mantéña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adjudicación do contrato.

A maiores, **o artigo 111 indica que son causas de resolución do contrato:**

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
- b) A declaración de quebra, de suspensión de pagos, de concurso de acredores ou de insolvente errado en calquera procedemento, ou o acordo de quita e espera.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A falta de prestación polo contratista da garantía definitiva ou as especiais ou complementarias daquela en prazo nos casos previstos na Lei e a non formalización do contrato en prazo.
- e) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo sinalado no artigo 71.2, parágrafo d).
- f) A falta de pago por parte da Administración no prazo de oito meses, conforme ao artigo 99.6.
- g) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais.
- h) Aquelas que se establezan expresamente no contrato.
- i) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato no articulado desta Lei.

E o artigo 167 da mesma lei recolle o seguinte en relación coa resolución do contrato de xestión de servizos públicos: Son causas de resolución do contrato de xestión de servizos públicos, ademais das sinaladas no artigo 111, coa excepción dos seus parágrafos e) e f), as seguintes:

- a) A demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ao contratista da contraprestación



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.

b) O rescate do servizo pola Administración.

c) A supresión do servizo por razóns de interese público.

d) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato.

Xa que logo, non estamos ante un suposto de resolución do contrato.

CUARTA. . Por outra banda, cabe neste intre dar conta do contido dos pregos de cláusulas administrativas en relación coas disposicións relativas á modificación do contrato. O artigo 25 do prego de cláusulas administrativas do contrato de servizo para a prestación, planificación, execución, control e avaliación das escolas deportivas e culturais do Concello de Abegondo establece:

“25.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

25.1.- O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 105, 106, 210, 219 e 305 TRLCSP.

25.2.- Non obstante ao anterior, poderán levar a cabo modificacións do contrato cando conorra algunha das circunstancias ás que se refire o apartado 1 do artigo 107 do TRLCSP, a condición de que non alteren as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato, debendo limitarse a introducir as variacións estritamente indispensables para atender a necesidade que as faga necesarias. Para estes efectos, entenderase que a modificación altera as condicións esenciais da licitación e adxudicación nos supostos contemplados no apartado 3 do citado artigo 107, sen que, en ningún caso, o seu importe acumulado poida ser igual ou superior, en máis ou en menos, ao 10 por 100 do prezo de adxudicación do contrato.

